



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 115 /2023

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DO CENTRO INTERDISCIPLINARIO DE INVESTIGACIÓNS FEMINISTAS (CIFEX)

Na Coruña, a 19 de decembro de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REÚNENSE

Dona Natividad de Jesús González Rodríguez, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don Antonio López Díaz, en representación da Universidade da Santiago de Compostela (en adiante USC).

Os/as comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

EXPOÑEN

Primeiro.- A Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar e que ten como unha das súas funcións, de acordo co artigo 4.1.a), a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica do coñecemento científico, técnico, artístico e humanístico, de xeito que se potenciará unha educación baseada nos principios democráticos, a defensa da paz e dos dereitos humanos.

Segundo.- O Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX) constitúe un centro de investigación interdisciplinario que se enmarca no contexto dos centros propios da Universidade de Santiago de Compostela que conta con apoio expreso de institucións e organismos extras-universitarios considerados de interese político social.

Tratase dun centro cuxo obxectivo principal consiste na investigación interdisciplinaria, docencia, formación e asesoramento en cuestións específicas referidas ás relacións e roles sociais das mulleres e homes, esto é, das relacións de xénero situándose a nivel empírico no contexto específico da Comunidade Autónoma Galega.

Este obxectivo xeral concrétese nos seguintes obxectivos singulares:

1.- A investigación das relacións e roles de xénero e das mulleres, sobre todo desde o punto de vista da relevancia social, particularmente con vistas ao coñecemento educativo, psicolóxico, social, histórico, lingüístico, filosófico, biolóxico, médico e xurídico, entre outros. O CIFEX actúa como centro aglutinador e de máxima coordinación.

2.- A promoción, organización e impartición de docencias específicas, tanto no primeiro, como no segundo e terceiro ciclo universitario (incluso no 4º ciclo, se cabe), en relación co coñecemento das relacións e roles de xénero e das mulleres, sobre todo desde un punto de vista interdisciplinario. O CIFEX enténdese aquí como o núcleo básico de coordinación.

3.- A difusión social e política do coñecemento en relación co coñecemento das relacións e roles de xénero e das mulleres, así mesmo desde un punto de vista interdisciplinario, para cumprir co obxectivo de lograr un feedback social en canto ao coñecemento acerca das relacións e roles de xénero e das mulleres.

4.- A organización xeral e específica desde o CIFEX de todo tipo de actividades científicas con impacto científico, social, e político; tales como congresos científicos, simposios, seminarios, cursos de posgrao, másters, programas de doutoramento, cursos de verán, etc. de alcance nacional e internacional. Este obxectivo contempla moi particularmente o labor de colaboración social e de edición e publicación, tanto de redaccións periódicas como de monografías e memorias de actividades.

5.- Promover activamente desde o CIFEX o coñecemento en profundidade dos procesos de transformacións sociais que se xeran na nosa sociedade, tanto con respecto ás estruturas sociais como científicas, para lograr unha maior igualdade nas relacións entre mulleres e homes, e un cambio da imaxe científica e social das mulleres, enlazando coas recomendacións e normativas internacionais e europeas ao respecto.

Terceiro.- A Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e ao benestar social.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Universidade de Santiago de Compostela, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento da **Programación de actividades do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas (CIFEX)**, co obxecto de promocionar as políticas de Igualdade e na educación inclusiva, a fin de que a sociedade galega participe dos valores éticos e políticos propios do século XXI.

Para iso preténdese dar pulo a dúas grandes liñas de traballo, moi presentes internacionalmente no momento actual: a perspectiva Gendered Innovation e os Estudos LGBTIQ+.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Universidade de Santiago de Compostela.

A Universidade de Santiago de Compostela levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto		Importe
Retribucións por conferencias		12.000,00
Desprazamentos: gastos de manutención, viaxes e aloxamentos para conferenciantes		5.150,00
Material funxible		1.350,00
Gastos de difusión		8.250,00
Contratacións externas		8.000,00
Gastos de persoal	Soldos e salarios	6.300,00
	Seguridade social	2.700,00

Total	43.750,00
--------------	------------------

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **35.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80 %**.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Universidade de Santiago de Compostela deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Universidade de Santiago de Compostela, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

Empregarase en todas as actividades realizadas o logotipo oficial da Deputación e o de Igualdade que descargarase do apartado de imaxe corporativa https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/?utm_source=MenuGlobal&utm_campaign=MenuCabecera&utm_medium=Web

2. Co obxecto de ter información das actividades que se realizan no marco do convenio, a Universidade comunicaranlle á Sección de Servizos Sociais a través do enderezo electrónico igualdade@dacoruna.gal a realización daquelas actividades abertas ao público en xeral.

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da Universidade de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade de Santiago de Compostela unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo/a representante legal da Universidade de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, materiais editados, de ser o caso, e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os/as acredores/as co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago de Compostela.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Universidade de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das

obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Universidade de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2023**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Universidade de Santiago de Compostela, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Comisión de seguimento.

1. Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha Comisión mixta e paritaria integrada por un representante de cada unha das entidades públicas que subscriben o presente convenio.

2. A Comisión mixta poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando así o solicite algunha das partes. Entre as súas funcións destácanse:

- A intervención previa á resolución por incumprimento polas causas previstas normativamente.
- Proposta, de ser o caso, de addendas.
- Informar de cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio.

3. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

4. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e posibles responsabilidades relacionadas coas subvencións concedidas, resolveranse pola respectiva administración pública que tramite as axudas.

XV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación oída a Comisión de Seguimento, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o **24 de novembro de 2023**.

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**A REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O REPRESENTANTE DA UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Asdo.: Natividad de Jesús González Rodríguez

Asdo.: Antonio López Díaz

**A Secretaria Xeral
da Deputación Provincial da Coruña**

Asdo.: Amparo Taboada Gil